

Proxecto TIC colexio Agarimo.

1. INTRODUCCIÓN

Este proxecto das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) no Colexio Agarimo, está impulsado pola necesidade de incrementar o uso das novas tecnoloxías e novas ferramentas audiovisuais para o día a día nas situacións de ensino- aprendizaxe, tendo máis importancia, dada a situación motivada pola COVID-19, coa situación de confinamento, vivida no curso anterior.

A utilización dos medios tecnolóxicos está a ter unha repercusión en toda a sociedade e o noso centro educativo non pode permanecer á marxe dos cambios que se están a producir, polo cal somos conscientes de que o uso das TIC é un elemento motivador para o noso alumnado.

Debemos destacar que, dado o elevado número de alumnado que non ten acceso a estas tecnoloxías no seu contorno familiar ou social, debemos dinamizar, na maior medida posible, estes recursos desde o colexio.

2. OBXECTIVOS

A educación, entendémola como unha actividade social que pretende lograr que os alumnos alcancen unha formación integral, un nivel de autonomía satisfactorio e que prepara aos rapaces para integrarse no seu ámbito sociocultural, debe ver nas novas tecnoloxías unha vía máis para acadar os seus obxectivos

2.1 Obxectivos xerais do equipo dinamizador das TIC

- Potenciar o manexo das TIC e incluílas como un recurso máis no proceso de ensino-aprendizaxe nas etapas educativas do centro.

- Acadar un uso persoal das TIC: acceso á información, comunicación, xestión, proceso de datos e sentido crítico da información.
- Informar ó claustro das distintas posibilidades educativas das TIC no centro: Aula Virtual, Recursos TIC de préstamo, programas informáticos, apps, ...
- Mellorar a comunicación con toda a comunidade educativa a través da web do colexio, aulas virtuais, correo electrónico, redes sociais, nas que se divulgue información referente ó centro e ó seu alumnado.
- Xestionar e optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos do colexio mediante a revisión e o mantemento dos mesmos.
- Facilitar axuda ás mestras e mestres, así como ás alumnas e alumnos que o requiran para a adquisición de novos coñecementos sobre as TIC.
- Seleccionar programas e materiais informáticos educativos que poidan axudar ó profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe.

2.2 Obxectivos xerais relacionados co claustro

- Lograr o compromiso das mestras e mestres do centro na aplicación das novas tecnoloxías: ordenadores, proxectores, tablets...
- Introducir as TIC no ensino de forma xeneralizada e innovadora, analizando os cambios que produce as novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilizar as TIC como un medio de xestión do centro: Xestión da titoría co XADE, AbalarMóbil e Aulas Virtuais.
- Colaborar no mantemento da páxina web / redes sociais do centro, facilitando información e imaxes aos membros do equipo

TIC.

- Propor diferentes formacións para ampliar a formación das mestras e mestres sobre o uso das TIC.

2.3 Obxectivos xerais relacionados co alumnado

- Favorecer a colaboración no coidado e supervisión dos equipos de todo o centro.
- Conseguir que o alumnado acceda ás TIC en xeral, e ó mundo de internet en particular.
- Utilizar programas que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo e a adquisición das competencias básicas.
- Adquirir habilidades e estratexias para o acceso á información e posterior tratamento da mesma.
- Facilitar aparellos informáticos que faciliten a inclusión do alumnado.
- Utilizar as TIC como fonte de información e medio para mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2.4 Obxectivos xerais relacionados co resto da Comunidade Educativa (CE)

- Manter a comunicación coa comunidade educativa a través da páxina web do colexio.
- Divulgar diferentes actividades que se realicen no centro a través da web ou das redes sociais á comunidade educativa.
- Potenciar o uso das TIC para que as familias e o persoal non docente colabore co alumnado e profesorado do centro e así participen na vida escolar dos nenos e nenas aquí escolarizados.

- Facilitar a infraestrutura tecnolóxica á ANPA do centro e o persoal non docente.
- Mellorar a comunicación a través de internet cos diferentes integrantes da Comunidade Educativa.

3. **ACTUACIÓNS A DESENVOLVER**

Para o desenvolvemento deste proxecto é fundamental o equipo dinamizador das TIC que será o encargado de organizar os recursos e as actividades, dar soporte a este proxecto e facilitar a xeneralización do uso das TIC á totalidade do alumnado, profesorado e o resto da comunidade educativa do centro.

Parécenos convinte, despois de analizar os coñecementos por parte do profesorado no uso das TIC e tratando de favorecer un modelo de ensinanza semipresencial ou en liña, que iniciemos un Plan de Formación Permanente do profesorado que tratará sobre a Integración didáctica das TIC.

A actualización da nosa páxina web será unha das actividades fundamentais a desenvolver, xa que é unha canle para divulgar información sobre o centro, así como diferentes actividades que realicemos, e desta forma manteñamos unha comunicación continuada coa Comunidade Educativa. As plataformas dixitais son unha ferramenta que nos facilita a comunicación entre a escola-familia, xa que moitas nais e pais poden ver as actividades e a evolución das súas fillas e fillos nas aulas.

Para acercarnos ao alumnado en caso dun novo confinamento, iniciáronos coa creación e mantemento das aulas virtuais, unha nova modalidade educativa que complementará ó ensino presencial a través das TIC.

4. **METODOLOXÍA**

Dado que é necesario dinamizar este proxecto no centro, debemos actuar

de cara a instauralo a nivel sistémico a todos os niveles. Unha vez dado este paso, será necesario extender estas tecnoloxías ós niveis educativo, organizativo e comunicativo do centro. Só neste punto poderemos estendernos ao alumnado e ás familias, cando sexa totalmente plena a súa inclusión.

Tendo en conta todo o anterior, e para levar a cabo os obxectivos expostos no proxecto, vaise apostar por un enfoque metodolóxico claramente consensuado, colaborativo e de coordinación, invitando e involucrando na medida do posible a todo o centro, tanto alumnado como mestres/as.

O procedemento de traballo neste equipo seguirá un patrón constructivo, e, será avaliado en tódalas súas fases para aportar ás modificacións que se consideren oportunas. Partirase sempre dunha reunión inicial na que se concretarán as tarefas que se van levar a cabo coa súa temporalización.

5. RECURSOS MATERIAIS

O colexio Agarimo consta dunha rede de alta velocidade subdividida en dúas subredes, unha para o profesorado e outra para os alumnos.

Contamos con:

- Dúas aulas de informática, unha con 15 ordenadores, e outra con 16. Ámbalas dúas teñen a maiores un ordenador para o profesor, e unha pizarra dixital conectada a un proxector.
- Unha biblioteca con unha Smart tv.
- Unha aula de convivencia provista de 6 ordenadores, máis un para o profesor.
- Unha aula que dispón de 3 ordenadores, unha pizarra dixital conectada a un proxector, mais un ordenador para o profesor (EBO 2)
- Unha aula provista de unha pizarra dixital conectada a un proxector, mais un ordenador para o profesor (EBO1).
- Un salón de actos equipado cun proxector.

- Un departamento de orientación provisto de dous ordenadores.
- Unha sala de profesores equipada con 5 ordenadores, máis unha fotocopiadora.
- Un despacho de dirección provisto con dous ordenadores.

No despacho de dirección tamén se almacenan 18 tablets e 6 cascos/auriculares para uso dos alumnos.

6. TEMPORALIZACIÓN

6.1 Primeiro trimestre:

- Actualización do inventario TIC.
- Mantemento dos recursos TIC das aulas.
- Deseño e actualización da Web.
- Posta en marcha das aulas virtuais.
- Proposta ao equipo directivo de cursos que melloren a competencia dixital do profesorado.

6.2 Segundo trimestre:

- Mantemento dos recursos TIC das aulas.
- Difusión da información e actividades do centro na web.

6.3 Terceiro trimestre:

- Mantemento dos recursos TIC das aulas.

- Difusión da información e actividades do centro na web.
- Solicitar proposta de mellora sobre as TIC ó profesorado.
- Actualización do inventario TIC.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DESTE PROXECTO

7.1 Principios xerais

Sabendo que a avaliación é un proceso, deberemos realizar un seguimento constante do seu desenvolvemento para valorar a súa efectividade e a consecución dos obxectivos propostos anteriormente.

Como é evidente, será necesario extender o proceso avaliativo a toda a comunidade escolar, só desde xeito teremos constancia da efectividade real deste documento.

Por outra banda, para poder coñecer o grao de consecución dos obxectivos, empregaremos como ferramenta principal os criterios de avaliación que se definen no apartado que segue a continuación.

Ó rematar o curso, realizarase unha memoria final na que se avaliará o grao de desenvolvemento dos obxectivos, os aspectos a mellorar así como aquelas suxerencias a ter en conta con vistas ó vindeiro curso escolar.

7.2 Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación que se empregarán para analizar a efectividade do Proxecto TIC son os seguintes:

- Utilizar os recursos TIC das aulas.
- Dinamizar os préstamos de aparellos electrónicos e informáticos.

- Favorecer a participación do profesorado en plans de formación relacionados coas TIC.
- Analizar os coñecementos previos do alumnado con respecto ás TIC.
- Analizar e dinamizar a implicación do profesorado nas actividades propostas.
- Actualizar o inventario TIC.

7.3 Técnicas de avaliación

Como técnicas xerais de avaliación recorreremos a probas cuantitativas e cualitativas (enquisa en papel).